

*Se queres saber máis, ponte
en contacto co
Departamento de
Orientación.*



¡ BENVID@ !



EQUIPO DE MEDIACIÓN ESCOLAR



***I.E.S. "Afonso X
O Sabio" (Cambre)***

QUE É A MEDIACIÓN?

É un método que permite resolver un conflito pacificamente.

- É totalmente voluntaria.
- É confidencial.
- @s mediador@s son neutrais.
- Esixe honestidade e franqueza.
- Non ameaza, nin xulga e tampouco sanciona.

O PROCESO DA MEDIACIÓN

- Poden intervir un ou dous mediadores en cada caso.
- As partes en conflito expoñen a súa versión dos feitos, así como os seus intereses.
- Ambas partes escóitanse mutuamente, en presenza dos [mediador@s](#), sen interrompirse.
- Acórdanse solucións satisfactorias a cumprir polas dúas partes.

QUEN PODE SER MEDIADOR?

Pode ser mediador calquera persoa da actual comunidade escolar que reuna determinadas cualidades.

O Equipo de Mediación Escolar está formado por [voluntari@s](#). Interven cando xorde un conflito, e as partes solicitan en Xefatura de Estudos a intervención da Mediación.

O EQUIPO DE MEDIACIÓN ESCOLAR do Instituto organiza todos os anos, "*Cursos de Formación*", e ademais están dispostos a axudarte.

CUALIDADES DO MEDIADOR

- É neutral , non trata de favorecer a ningunha das partes.
- Non xulga.
- Sabe escoitar.
- Crea un clima de confianza. Está interesado en que as partes en conflito se sintan a gusto e comprendidas.
- É paciente e ten disposición de axudar ás partes.

COMO PODO SER MEDIADOR?

Ponte en contacto co EQUIPO DE MEDIACIÓN, e pregunta no Departamento de Orientación ou na área de Dinamización de Convivencia.

Participa nas diferentes actividades a desenvolver cada Curso.

QUE CONFLICTOS SON MEDIABLES?

- Rumores, insultos, queixas, malentendidos.
- Disputas e pelexas.
- Amizades deterioradas.
- Ameazas, persoas que incordian ou se agobian.
- Situacións que desagradan ou parecen inxustas.

QUE OUTRAS OPCIONS QUEDAN?

- Aterse ao Regulamento de Réxime Interno.
- Non facer nada e sentirse cada vez peor cos demais e cun mesmo.
- Falar coa outra parte en conflito...

